



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO DO PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE BETANZOS PARA O ANO 2023

A alcaldesa do Concello de Betanzos por decreto número 2166/2022 de data 15 de decembro de 2022
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan anual normativo do Concello de Betanzos para o ano 2023.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios, no portal de transparencia da sede electrónica do Concello e no perfil do contratante do Concello.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE BETANZOS PARA O ANO 2023

ÍNDICE:

- I. Exposición de motivos.
- II. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.
- III. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación.
- IV. Relación de Plans estratéxicos.

I. Exposición de motivos.

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un “plan normativo” que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

Artigo 132. Planificación normativa.

1. Anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

2. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicárase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente.

Na exposición de motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, atópanse as razóns e finalidades que o lexislador pretende acadar con esta nova regulación: “Durante os máis de vinte anos de vixencia da Lei 30/1992, de 26 de novembro, no seo da Comisión Europea e da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos se ha ir avanzando na mellora da produción normativa («Better regulation» e «Smart regulation»). Os diversos informes internacionais sobre a materia definen a regulación intelixente como un marco xurídico de calidade, que permite o cumprimento dun obxectivo regulatorio á vez que ofrece os incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permite simplificar procesos e reducir cargas administrativas.

Para iso, resulta esencial unha adecuada análise de impacto das normas de forma continua, tanto ex ante como ex post, así como a participación dos cidadáns e empresas nos procesos de elaboración normativa, pois sobre eles recae o cumprimento das leis.

Na última década, a Lei 17/2009, de 23 de novembro, e a Lei 2/2011, de 4 de marzo, supuxeron un avance na implantación dos principios de boa regulación, especialmente no referido ao exercicio das actividades económicas. Xa nesta lexislatura, a Lei 20/2013, de 9 de decembro, deu importantes pasos adicionais, ao pór a disposición dos cidadáns a información con relevancia xurídica propia do procedemento de elaboración de normas.

Con todo, é necesario contar cunha nova regulación que, terminando coa dispersión normativa existente, reforce a participación cidadá, a seguridade xurídica e a revisión do ordenamento. Con estes obxectivos, establécense por primeira vez nunha lei as bases con arranxo ás cales se ha de desenvolver a iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria das Administracións Públicas co obxecto de asegurar o seu exercicio de acordo cos principios de boa regulación, garantir de modo adecuado a audiencia e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

participación dos cidadáns na elaboración das normas e lograr a predictibilidade e avaliación pública do ordenamento, como corolario imprescindible do dereito constitucional á seguridade xurídica.

Esta novidade devén crucial especialmente nun Estado territorialmente descentralizado no que coexisten tres niveis de Administración territorial que proxectan a súa actividade normativa sobre espazos subxectivos e xeográficos en moitas ocasións coincidentes. Con esta regulación séguense as recomendacións que nesta materia formulou a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) no seu informe emitido en 2014 «Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement».

Pola súa parte, o artigo 130 da citada Lei 39/2015, establece a obriga de revisar periodicamente a súa normativa para adaptala aos “principios de boa regulación”, así como para comprobar en qué medida as normas en vigor cumpriron os obxectivos previstos.

Os “principios de boa regulación” veñen regulados no artigo 129 da Lei 39/2015 que dispón que no exercicio da potestade regulamentaria as administracións públicas deberán axustarse aos seguintes principios: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, xustificando o seu cumprimento na exposición de motivos da norma.

II. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.

Os novos regulamentos e ordenanzas que se prevén aprobar ao longo do ano 2023 son os seguintes:

ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES

ORDENANZA DE TELETRABALLO

ORDENANZA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

III. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación (Dispo. Final Quinta Lei 39/2015).

Os regulamentos e ordenanzas que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2022, para adaptalos aos requirimentos da nova Lei de procedemento administrativo e da normativa sectorial específica de aplicación en cada caso, son os seguintes:

REGULAMENTO REGULADOR DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO CONCELLO DE BETANZOS

REGULAMENTO DA GALA DO DEPORTE

IV. Relación de Plans estratéxicos.

Os Plans estratéxicos que se prevén aprobar ao longo do ano 2023 son os seguintes:

- AXENDA URBANA
- Plan estratéxico de Mobilidade urbana sostible.
- Plan estratéxico de turismo



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

V. Revisión das ordenanzas aprobadas

Farase un estudo específico das distintas ordenanzas aprobadas para ver se é necesario adaptar e/ou modificar puntualmente para mellorar a súa aplicabilidade, neste caso pode estar a ordenanza de terrazas.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).